

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE XANEIRO DE 2010

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

Lic/7/2009.- María del Mar Vega Lorenzo.- Reforma dunha vivenda unifamiliar en Lugar de A Cova nº 6.

Lic/143/2009.- Pablo Seoane Mallo, Carmen Mallo Varela e José Antonio Seoane Mallo.- Ampliación en planta e altura da edificación existente na rúa do Avío nº 37.

Lic/2085/2009.- Emuvissa.- Vivenda unifamiliar de realoxo na parcela VA1-B do SUNP-14 de Tras Paxonal.

Lic/2086/2009.- Emuvissa.- Vivenda unifamiliar de realoxo na parcela VA1-C do SUNP-14 de Tras Paxonal.

Lic/2087/2009.- Emuvissa.- Vivenda unifamiliar de realoxo na parcela VA3-B do SUNP-14 de Tras Paxonal.

DENEGADAS.-

Lic/1339/2009.- Ismael Garaboa Castro.- Legalización de galpón existente no lugar de Sobríns – Aríns.

PRORROGAS.-

Lic/1980/2009.- Amador Mosquera Liste.- Derruba da edificación existente na rúa de Amio nº 24.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

108/2010.- Jesusa Otero Mujico.- Expte. Lic/2504/2008 1.500 €-

61/2010.- José Albarrán Juárez.- Expte. Lic/468/2006 6.000 €-

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/2294/2009.- CAIXANOVA.- Rehabilitación de edificio para sala de exposicións de gran formato na Rúa dos Recantos de San Miguel nº 3.

LIC/548/2008.- Don MIGUEL CASTRO GONZÁLEZ.- Rehabilitación de vivenda pano Lugar de San Paio nº24.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

LIC/2349/2009.- MOGAR FORTE SL.- Devolución de fianza depositada en garantía da licenza LIC/2386/2006. Importe da fianza é de 2.000€.

LIC/2605/2008.- EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS SA.- Devolución de fianza depositada en garantía da licenza LIC/445/2007. Importe da fianza é de 2.500€.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á solicitude á Deputación da coruña da prórroga da vixencia do convenio de colaboración para a execución do Plan Estratéxico do Comercio Compostelán.

Solicítase á Deputación a devandita prórroga ata o vindeiro 30 de decembro de 2010.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude de subvención para o desenvolvemento do Programa "Acción Educativa na rúa".

Solicítase unha subvención á Deputación de 45.000 euros para o devandito programa, que ten un custo total de 59.299,26 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude de subvención para o desenvolvemento do obradoiro da memoria denominado "Mente Activa".

Solicítase unha subvención á Deputación de 5.000 euros para o devandito programa, que ten un custo total de 6.902 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á solicitude á Deputación Provincial da Coruña para o programa "Compostela corresponsable".

Solicítase unha subvención á Deputación de 38.512 euros para o devandito programa.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación das festas do Antroido 2010.

Apróbanse as bases e un orzamento de 88.118 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á desestimación de recurso de reposición presentado pola Agrupación Deportiva Burgo das Nacións.

Desestímase o recurso de reposición interposto pola devandita entidade.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de urbanización do polígono 4 de Fontiñas.

Apróbase definitivamente o proxecto de urbanización do polígono 4 do Plan parcial de Fontiñas segundo o documento refundido presentado pola Xunta de Compensación.

11.- Prórroga do contrato de ORA e grúa.

Prorrógase o devandito contrato suscrito coa empresa SETEX-APARKI, SA, por un ano a contar desde o 1 de febreiro de 2010, nos mesmos termos do contrato inicial.

12.- Proposta relativa á aprobación de diversos proxectos de investimento e a súa inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local.

Apróbanse 27 novos proxectos (Adxuntáse documento).

13.- Aprobación definitiva do contrato de servizo de axuda no fogar.

Adxudícase definitivamente o devandito servizo á empresa GERIATROS, SAU, por importe de 12 euros/hora máis IVE para servizos prestados en xornada laboral de luns a sábado, e 13 euros/hora máis IVE para os servizos prestados en domingos e festivos.

14.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do Plan de Formación Continua 2010 do Concello.

Apróbase o devandito plan e un orzamento de 156.416,57 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á estimación parcial dun recurso de reposición interposto por un funcionario municipal.

Estímase parcialmente o devandito recurso.

16 a 115 .- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto de vehículos de tracción mecánica, no imposto do lixo, no imposto de bens inmoables, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á cancelación do alugamento do local sito na praza de Vigo,1-1º C.

Acórdase a retirada de enseres e outros elementos de traballo, pertencentes á Rede de Centros Socioculturais antes do 1 de febreiro de 2010.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación e inicio do programa COMPOSTELA ACTIVA 2010.

Apróbase a realización das seguintes actividades do programa: actividades de promoción do Concurso Novas Ideas Empresariais; Formación; Materiais e campaña de promoción do programa e Xornadas do Emprendedor, así como a retención da totalidade do seu orzamento, 86.000 euros. Tamén se aproba unha solicitude de axuda, por importe de 65.000 euros, á Deputación da Coruña para o devandito programa Compostela Activa 2010.

3.- Proposta da concelleira de Educación relativa á cobertura do posto de técnico de Educación e Mocidade.

Acórdase a cobertura interina do mesmo.

4. Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa a unha operación de tesourería.

Acórdase avalar unha operación de tesourería ante a entidade bancaria "la Caixa" por importe de 1.200.000 euros para INCOLSA.